



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS ONCE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e catro de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Juan Jose Rodríguez Grandal e Manuel Domínguez Álvarez Escusan a non asistencia os Concelleiros Celeste Nieto García, Alberto Villaverde Méndez, M^a del Mar Villaverde Rosales e Javier Domínguez Lino así como a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4063.- APROBACIÓN ACTA/S ANTERIOR/ES NUM. 508, 509 E 510.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde dáse conta aos asistentes do contido das actas anteriores correspondentes ás sesións do 27/01/2015, 11/02/2015 e 12/02/2015 núm. 508, 509 e 510 respectivamente e non formulándose observación ningunha ás mesmas estas quedan aprobado por unanimidade de asistentes.

4064- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4051.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2015, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, 4052.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2015, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, 4053.- MOCIÓN DO BNG PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), 4054.- INTERVENCIÓN, INFORME 4º TRIMESTRE/2014, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención, 4055.- DAR CONTA DO ACORDO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES EN RELACIÓN AO RECOÑECEMENTO DA LABOR NO DEPORTE LOCAL DE JUAN LÓPEZ SÁNCHEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Deportes, 4056.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE POIO, PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE E O DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS CICLISTAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ministerio de Fomento e á Deputación Provincial de Pontevedra, 4057.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 23 DE XANEIRO DE

2015 EN RELACIÓN Á INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CADUCIDADE OUTORGADA POR ORDE MINISTERIAL DE DATA 13/06/1956, DE OCUPACIÓN DE 612.500 M/2 DE BENS DE DPMT CON DESTINO Á CONSTRUCCIÓN DUNHA FÁBRICA DE PASTA DE CELULOSA KRAFT.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo de Concello e comunicouse ao Servizo Provincial de Costas, 4062.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANPSORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos licitadores. ”.

A Corporación dáse por enterada.

4065.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Alcalde dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4066.- SECRETARÍA, RENUNCIA Á CONDICIÓN DE CONCELLEIRO ELECTO D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO.- Dáse conta á Corporación do escrito de data 11 de febreiro de 2015, presentado no Rexistro Xeral do Concello o 12 de febreiro de 2015 núm. 589 por D. Javier Domínguez Lino en condición de Concelleiro do Grupo Municipal Popular, no que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleiro que actualmente desempeña neste Concello, por motivos persoais.

Con data 17 de febreiro de 2015 número 674 de entrada no Rexistro Xeral preséntase escrito por D^a. Marta Agís Iglesias comunicando a súa renuncia para ocupar o posto de concelleira electa na Corporación de Poio, por motivos persoais.

A Corporación polo voto favorable dos doce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto na Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime xeral electoral e Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais acordou:

Primeiro: Tomar coñecemento das renuncias efectuadas por D. Javier Domínguez Lino e por D^a. Marta Agís Iglesias.

Segundo: Remitir o presente acordo á Xunta Electoral Central ao efectos de que proceda á expedición da credencial correspondente ao/á novo/a concelleiro/a ao que corresponde cubrir a vacante, e que a xuízo desta corporación corresponde á seguinte da listaxe do Partido Político do Partido Popular D^a. María Carmen Torres Castiñeira (Independente).

4067.- ESCRITO DE JUAN ANTONIO PÉREZ FRAGA EN REPRESENTACIÓN DO COLECTIVO “TOURADAS FÓRA DE PONTEVEDRA” SOLICITANDO A DECLARACIÓN DE QUE O CONCELLO DE POIO É CONTRARIO Á CELEBRACIÓN DE FESTEXOS TAURINOS E DOUTRAS DECLARACIÓNS.- Dáse conta á Corporación do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello do día 10 de decembro de 2014, núm. 6376 por D. Juan Antonio Pérez Fraga en representación do colectivo “Touradas Fóra de Pontevedra” e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gober nación e Contas na súa sesión realizada o 16 de febreiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do escrito de data 10 de decembro de 2014 no que tras unha ampla exposición de motivos propoñen ao Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos: “PRIMEIRO. Despois dos trámites legais oportunos se leven ao Pleno Municipal as seguintes declaracións co propósito de que sexan aprobadas: SEGUNDO. Declarar que o Concello de POIO é contrario á celebración de festexos taurinos. TERCEIRO. Que o Concello de POIO non participe, de forma directa ou indirecta, na realización, impulso ou promoción de festexos taurinos, incluíndo a publicidade de festexos no seu territorio. CUARTO. Comprometerse a divulgar a Declaración Universal dos Dereitos dos Animais, recalando os seus dereitos a recibir atención, coidados e protección, entre os cidadáns do Concello e en particular entre a poboación escolar. QUINTO. Instar á Xunta de Galiza a eliminar o apartado segundo do Artigo 5º da Lei 1/1993, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade. SEXTO. Manifestar a adhesión do

Concello de POIO á Rede de Municipios Galegos pola Abolición. SÉTIMO. Notificar este acordo á Deputación Provincial e á Xunta de Galiza, instando a ambas institucións a traballar para poñer fin a esta actividade cruenta cos animais. OITAVO. Informarnos coa debida antelación do día da celebración do Pleno no que se van debater estas Declaracións e facilitarnos o acordo posterior adoptado.”

O Sr. Barreiro Lubián di que no Concello de Poio non temos touradas pero estamos de acordo co que se solicita neste escrito.

O Sr. Rodríguez Grandal di que no grupo municipal do PP estamos en contra.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 1 voto en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións tomando a palabra o Sr. Barreiro Lubián que manifesta que o Grupo Municipal do BNG está a favor do escrito presentado xa que están en contra deste espectáculo, que parte da crueldade cos animais, cremos que se trata dun espectáculo doutra época e pensamos que hai outras alternativas para o divertimento. Cando se quere defender estes eventos apélase ás costumes pero cremos que é un erro que non se pode volver a outras épocas para defender este tipo de atrocidades, cos touros e con outros animais.

Ao noso pensar deberíase concienciar á poboación para non ter que prohibilos en caso contrario haberá que legislar para prohibilo.

Neste momento entra no Salón de Sesiós a Concelleira D^a. Alicia Martínez González.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista manifestando que van apoiar o texto da moción presentada, están totalmente de acordo, xa que se trata dun espectáculo cruel para os animais, neste caso os touros, cualificado coma unha atrocidade polo sufrimento ao que se somete ao animal e totalmente inadecuado ao século XXI.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Popular o Sr. Moldes Martínez manifestando que cando se realizan este tipo de actividades é porque hai cidadáns que asisten por este motivo penso que debe respectarse aos espectadores das touradas, como se pode respectar aos espectadores doutro tipo de actividades, mentres haxa lexislación que o permita seguirán realizándose. Nos en Poio non estamos afectados, si que hai multitude de Peñas, pero non somos nós os que temos que adoptar medidas neste caso será o Concello de Pontevedra quen teña que estudar o tema. Nos neste caso apelamos á liberdade dos individuos para asistir.

Ábrese unha nova ronda de intervencións tomando a palabra novamente o Sr. Barreiro Lubián quen di que apelan a liberdade para asistir a este tipo de eventos, pero por exemplo hai outros que están prohibidos como son as pelexas de cans, galos.. non se poden sacar as cousas de sitio para comparar e permitir este tipo de actividades.

A Sra. Besada Lores di que para nada son comparables as touradas con outro tipo de actividades xa que como pode ser o boxeo enfrontanse dúas persoas que deciden libremente enfrontarse, pero nunha tourada é unha persoa contra un animal, que non pode decidir ademais o touro non sae á praza ao 100% xa que antes é picado.

O Sr. Moldes Martínez di que se pode entrar noutros debates nos votaremos o manifesto pero quen ten que decidir é Pontevedra, cuxos grupos municipais contribúen indirectamente mediante subvencións á celebración das festas taurinas..

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao representante do Colectivo “Touradas Fóra de Pontevedra” que explica os motivos principais polos que presentan a moción así como as razóns polas que debe de ser aprobada.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2015 o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 3 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Poio é contrario á celebración de festexos taurinos.

Segundo.- O Concello de POIO non participará, de forma directa ou indirecta, na realización, impulso ou promoción de festexos taurinos, incluíndo a publicidade de festexos no seu territorio.

Terceiro.- O Concello de Poio comprométese a divulgar a Declaración Universal dos Dereitos dos Animais, recalcando os seus dereitos a recibir atención, coidados e protección, entre os cidadáns do Concello e en particular entre a poboación escolar.

Cuarto.- Instar á Xunta de Galiza a eliminar o apartado segundo do Artigo 5º da Lei 1/1993, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro.

Quinto.- Manifestar a adhesión do Concello de Poio á Rede de Municipios Galegos pola Abolição.

Sexto.- Notificar este acordo á Deputación Provincial e á Xunta de Galiza, instando a ambas institucións a traballar para poñer fin a esta actividade cruenta cos animais.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ao Colectivo “Touradas Fóra de Pontevedra”.

4068.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2015.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de febreiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2014 na que se propón o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de facturas do exercicio 2014 que ascenden a un importe total de 148.145,96 euros e do informe de reparo da Intervención Municipal de data 2 de febreiro de 2015.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extrajudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2014 as cales non foron obxecto de aprobación no mencionado exercicio en virtude da falta de crédito orzamentario nese exercicio que se xuntan no anexo á providencia.

O resto de facturas pendentes de recoñecemento por falta de crédito correspondente ao exercicio 2015 (con data de rexistro de entrada no rexistro contable no mes de decembro do exercicio 2014 pero correspondentes a gastos do capítulo VI do estado de gastos, investimentos), se atopan financiadas cun préstamo a longo prazo o cal se atopa na data da emisión deste informe en fase de licitación.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 1 voto en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 2 de febreiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2014 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 148.145,96 euros por entender que, o tratarse de servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2014, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non seguir agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente. 2º) Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 110 facturas e que comeza coa factura nº 67 de Colorus en concepto de “Modificación rotulacións para a Policía Local” emitida por importe de 417,45 euros e remata coa factura nº 203/14 de Recyges S.L. emitida en concepto de “Xestión multas policía mes novembro”, por importe de 3,995,39 euros, que ascenden a un importe de 148.145,96 euros e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2015, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou as correspondentes retencións de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2015 o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 3 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 2 de febreiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2014 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 148.145,96 euros por entender

que, o tratarse de servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2014, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non seguir agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 110 facturas e que comeza coa factura nº 67 de Colorus en concepto de “Modificación rotulacións para a Policía Local” emitida por importe de 417,45 euros e remata coa factura nº 203/14 de Recyges S.L. emitida en concepto de “Xestión multas policía mes novembro”, por importe de 3.995,39 euros, que ascenden a un importe de 148.145,96 euros

Terceiro.- Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2015, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou as correspondentes retencións de crédito.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4069.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 02/2015.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de febreiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2015 na que se propón o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 2 do exercicio 2014 as cales non foron presentadas no Concello ata os meses de xaneiro e febreiro de 2015, aínda que pertencen a subministros e servizos prestados no exercicio 2014, ascendendo o importe das facturas pendentes de recoñecemento correspondente ao mencionado exercicio 2014 a 11.715 euros.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 1 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito nº 2/2015 por importe total de 11.715 euros que conforman a relación de facturas obrantes no expediente e 2º) Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián e explica o contido do expediente que presentan para a súa aprobación que neste caso se trata de facturas correspondentes a subministros e servizos do exercicio 2014 e que hai que pagar a través deste recoñecemento xa que se presentaron non exercicio 2015.

Estamos realizando unha boa xestión municipal, xa que seguimos prestando servizos necesarios para os veciños a pesar de todos os impedimentos que nos poñen. Reducimos déficit e conxelamos impostos o que supón que teñamos que facer un maior desenvolvo o panorama sería distinto senón os conxelamos.

A. Sra. Besada Lores di que o seu grupo municipal vai votar a favor do recoñecemento xa que considera que se trata de servizos e subministros que foron necesarios e que se prestaron correctamente polas empresas.

O Sr. Moldes Martínez di que as valoracións do BNG son particulares pero hai que recordar o capítulo de inversións do presuposto onde figura 0€, este panorama repítese nos últimos catro anos.

Os problemas veñen cando non se deixa endebedar aos concello nin pedir préstamos para facer todos este servizos. Os reparos de intervención están ahí. A nosa opinión é que os presupostos de Poio non representan a realizada xa que en febreiro estamos aplicando os gastos do exercicio anterior para deixar as partidas a 0 €.

O Sr. Barreiro Lubián di que a visión do BNG é particular pero real. Facemos un presuposto sempre tendo en conta os ingresos que imos recadar no exercicio, sempre co principio de prudencia.

Non subir impostos supón que o concello teña que desenvolver 60.000 € e por outra parte temos que seguir pagando débeda ao banco, nos non incrementamos pero a Xunta a multiplica por 3 e nos baixámola a máis da metade. O que temos claro é que o escenario de crise non o creou Poio e nos seguiremos prestando servizos e non estamos de acordo en que os investimentos de Poio sexan de 0 € xa que soamente co Saneamento de San Martiño e as Testadas supón un investimento de máis de 600.000 €

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de febreiro de 2015 o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 3 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2015 por importe total de 11.715 euros que conforman a relación de facturas obrantes no expediente.

Segundo.- Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4070.- DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: 4º TRIMESTRE 2014.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de febreiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente no que se informa que por parte da interventora municipal, e dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, remitiuse, o pasado 26 de xaneiro de 2015, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes o cuarto trimestre do exercicio 2014.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

4071.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE O ACCESO AOS TRATAMENTOS DE ÚLTIMA XERACIÓN PARA AS PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C.- Dáse conta da moción presentada grupo municipal do PsdeG-PSOE do Concello de Poio, de data 29 de xaneiro de 2015 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 30 de xaneiro de 2015 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales. 2. Ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa. 3. Dirixirse a ambas administración para comunicar o acordo deste pleno municipal.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista xa que somos coñecedores da situación dos enfermos de hepatite os cales non teñen acceso á medicación de última xeración xa que agora existe unha discriminación para a súa subministración dependendo do poder adquisitivo. Pensamos que se trata dunha situación lamentable e pedimos que sexa para todos os doentes a través da Seguridade Social.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG e explica que a moción é clara e que van votar a favor xa que estamos ante unha situación preocupante. Trátase dun virus que a OMS lle dá consideración de pandemia mundial e o que pedimos é que o Ministerio de Sanidade cumpra co anunciado, que non dea marcha atrás nas súas decisións como ultimamente fai, queremos que subministre a medicación non soamente á fase máis avanzada senón desde a fase II como anunciou e que non se revisen os casos existentes coa finalidade de reducir as fases e así non subministrar a medicación, como sabemos que hai casos que se están dando en centros privados derivados de Montecelo.

Tamén queremos que se inste ao goberno central para que non ceda ás presións das farmacéuticas.

O Sr. Moldes Martínez di que van votar a favor.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que queda aprobado polo voto favorable dos trece membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.

Segundo.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa.

Terceiro.- Dirixirse a ambas administración para comunicar o acordo deste pleno municipal.

4072.- URBANISMO, EXP. 364/11.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NUM. 2 NO LUGAR DE VIÑAS (SAN SALVADOR).- Dáse conta aos asistentes do expediente núm. 364/11 tramitado polo Departamento de Urbanismo e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Urbanismo adoptado na súa sesión realizada o 17 de febreiro de 2015 e que di textualmente: “E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

“ ASUNTO URBANISMO: EXPEDIENTE 364/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO Nº 2, NO LUGAR DE VIÑAS, PARROQUIA DE SAN SALVADOR. APROBACIÓN PROVISIONAL POLO CONCELLO DE POIO.

Visto o expediente nº 364/11, de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, no solo urbano non consolidado nº 2, no lugar de Viñas, parroquia de San Salvador de Poio, para aprobación provisional polo Concello de Poio; e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011, de 10 de febreiro polo que se aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), teño a ben emiti-lo seguinte informe:

1º.- Por acordo do Pleno núm. 3994 de 29 de xullo de 2014, aprobouse inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral.

2º.- Por oficios da Alcaldía de 11 de agosto de 2014, deuse audiencia aos municipios limítrofes, Barro, Sanxenxo, Meaño, Meis e Pontevedra, para que alegaran o procedente, non formulando alegación ningunha contra esta modificación puntual, agás o Concello de Sanxenxo que manifesta non ter nada que opoñer a indicada modificación.

3º.- O acordo de aprobación publicouse no Diario de Pontevedra mediante anuncio de data 14 de agosto de 2014, no Faro de Vigo o 19 de agosto de 2014, e no DOG o 04 de setembro de 2014.

Constando no expediente certificación emitida pola secretaria do Concello, de 13 de novembro de 2014, pola que se acredita que durante o prazo de 2 meses estiveron expostos ditos anuncios non se presentou reclamación ningunha.

4º.- Tamén consta no expediente un novo informe de 30 de outubro de 2014, da Dirección Xeral de Aviación Civil, no que se indica que analizada a nova documentación aportada seguen considerándose válidas as conclusións do informe evacuado o 28 de marzo de 2014 de dito organismo, polo que se reitera o contido e carácter favorable en relación coa modificación que se pretende.

Por todo iso,

Informo que pode o Pleno do Concello, previo informe da Secretaria do Concello do Concello e previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, proceder á aprobación provisional da modificación puntual, por maioría

absoluta, e remitindo posteriormente o expediente tramitado, foliado e dilixenciado co proxecto aprobado provisionalmente á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

Poio, 29 de xaneiro de 2015; O Asesor Xurídico (A.T.), Asdo.: D. Ángel T. Sutil García.”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

“Asunto: proxecto de modificación puntual do PXOM

Situación: Solo urbano non consolidado nº 2, Viñas, San Salvador

Interesado: Concello de Poio

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e art. 85.1º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito.

Relatados no informe emitido con data 29 de xaneiro de 2015 polo asesor xurídico vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

Informe de secretaría de 11 de maio de 2011 e 28 de xullo de 2015.

Consideracións xurídicas.

1. Realizada a fase de información pública xunto cos trámites marcados no art. 85.2º e 3º LOUGA, non producíndose alegación ningunha, e tendo en conta a comunicación realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de 27 de xuño de 2011, número rexistro de entrada 3911 de 11 de xullo de 2015, de non sometemento do procedemento de modificación puntual a avaliación ambiental estratéxica, de conformidade co establecido no parágrafo 7º do referido artigo, procede a adopción, no seu caso, de acordo de aprobación provisional para os efectos da remisión do expediente debidamente dilixenciado á aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

Todo elo sen prexuízo do que sinala a Intervención municipal, debendo achegarse o seu informe igualmente ao expediente. Poio, 12 de febreiro de 2015. A secretaria, Paula E. Ramos Díaz ”

Sometido o asunto a votación, esta resulta:

Votos favorables á aprobación: Tres, dos membros do B.N.G.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dúas, dos membros do P.P.

polo que,

Primeiro: Infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, no solo urbano non consolidado nº 2, no lugar de Viñas, parroquia de San Salvador de Poio,

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).”

Non suscitándose debate ningún sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 3 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM, Solo urbano non consolidado nº 2, Viñas, San Salvador.

Segundo: Remitir o expediente tramitado, foliado e dilixenciado co proxecto aprobado provisionalmente á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

4073.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO 2013.- Previa ratificación por unanimidade de asistentes da inclusión na orde do día do presente asunto ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha e de conformidade co establecido no artigo 34 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais elévase a consideración do Pleno o expediente formado correspondente á rectificación do Inventario de bens e dereitos do exercicio 2013 no que se incorpora o resumo de altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado: Activo: Aumentos bens inmuebles (epígrafe 1) 500 €. Aumentos mobles non comprendidos anteriormente (epígrafe 7): 8.524,96 € Pasivo: Ningún aumentos 2013: Baixas: 2013:1.211.332,15 €. Suma Activo a 31.12.2013: 11.254.298,70 € Suma Pasivo a 31.12.2013: 7.619.963,19 € Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2013: 3.634.335,54 €.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral con data 20 de xaneiro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos trece membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o expediente adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2013 ao 31/12/2013 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia o mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma

4074.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO 2014.- Previa ratificación por unanimidade de asistentes da inclusión na orde do día do presente asunto ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha e de conformidade co establecido no artigo 34 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais elévase a consideración do Pleno o expediente formado correspondente á rectificación do Inventario de bens e dereitos correspondente do exercicio 2014 no que se incorpora o resumo de altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado: Activo: Aumentos bens inmuebles (epígrafe 1) 1.166,11 €. Aumentos Vehículos (epígrafe 5º): 30.034,05 € Aumentos mobles non comprendidos anteriormente (epígrafe 7): 1.697,44 € Pasivo: Ningún aumentos 2014: Baixas: 2014:720.521,47 €. Suma Activo a 31.12.2014: 11.278.671,34 € Suma Pasivo a 31.12.2014: 6.899.441,69 € Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2014: 4.379.229,65 €.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral con data 20 de xaneiro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos trece membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o expediente adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2014 ao 31/12/2014 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia o mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4075.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO.- Previa ratificación da inclusión na orde do día por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 3 abstencións do PP e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do contido do moción presentada no Rexistro Xeral o día 17 de febreiro de 2015, núm. 689 e que di textualmente: “A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda

salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO: Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,..- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego. ”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos trece membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o texto da moción presentada adoptándose o seguinte **acordo**:

Primeiro: Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,..- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

MOCIÓN URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4076.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTENEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO-ADXUDICACIÓN.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 3 abstencións do PP e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos membros corporativos do acordo número 4062 acatando a resolución 67/2015, do 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e se outorgaba á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, SA no prazo de dez días a documentación xustificativa dos requisitos á que se refire a declaración e que se indican na cláusula 15 do PCA así como documentación de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

O ámbito e forma de cumprimento de ditas obrigas ten sido xa obxecto de previo informe técnico de 20 de novembro de 2014.

Dentro do referido prazo, con data 20 de febreiro de 2015 número de rexistro 754 ten entrada no Rexistro Xeral a documentación presentada por empresa Valoriza Servicios MedioAmbientales, SA que unha vez revisada polo Servizo de Contratación considérase que se corresponden coa relacionada na cláusula 15 do PCA e no artigo 151.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Con carácter previo á formalización do contrato, de conformidade co artigo 28 do PCAP, deberase achegar a

póliza de responsabilidade subscrita á que se refire a certificación presentada.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 3 abstencións do PP e de conformidade co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, SA o contrato de xestión indirecta mediante a concesión do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización no termo municipal de Poio nas condicións establecidas na súa oferta e prego de cláusulas administrativas, prescricións técnicas e demais documentación do expediente.

Segundo: Proceder á devolución da garantía definitiva depositada pola UTE ASCAN-GEASER.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación, Tesourería e Intervención así como á empresa adxudicataria e demais interesados no expediente con indicación dos recursos que procedan.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se presentan.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.